



EUCARISTÍA 1º DE MAIO 2026 – SAN XOSÉ OBREIRO

“ANTE A EXCLUSIÓN, TRABALLO DECENTE”

Monición de entrada

(Animamos a que na medida do posible esta monición de entrada sexa lida por unha persoa migrante, pois moitas veces sofren maior precariedade dentro do mundo do traballo)

Neste 1º de maio, Día dos traballadores e traballadoras, reunímonos para celebrar a Eucaristía na festa de San Xosé Obreiro. Hoxe damos grazas por todas as persoas que, co seu traballo, constrúen cada día un mundo máis habitable, e lembramos tamén as loitas do movemento obreiro pola dignidade, os dereitos e un traballo humano para todas as persoas, especialmente para aquelas persoas que sufrimos/sofren maior precariedade, as persoas migrantes.

Para a Igrexa, San Xosé non lle resta forza a esta memoria, ao contrario: nel recoñecemos a tantos traballadores e traballadoras anónimos, “santos da porta do lado”, que viviron con xenerosidade e sacrificio as súas tarefas de cada día. Xosé, carpinteiro de Nazaré, móstranos que o traballo escondido, feito con amor, pode ser lugar de encontro con Deus e de servizo á humanidade.

Pidamos, pola súa intercesión, saber vivir o noso traballo como colaboración coa obra creadora de Deus e comprometernos para que todas as persoas teñan un traballo decente, que coide a vida. Con esta intención, comezamos a nosa celebración.

(Canto de entrada)

Acto penitencial

Irmás e irmáns, ao iniciar esta celebración, recoñezamos os nosos pecados, a nosa falta de confianza e de compromiso, e pidamos perdón ao Señor.

– Porque os teus soños dun mundo fraterno, onde o traballo sexa fonte de vida, xustiza e paz, aínda non son realidade nas nosas estruturas nin nas nosas comunidades. **Señor, ten piedade de nós.**

– Porque nos nosos ambientes, tamén eclesiais, non sempre escoitamos o clamor das persoas traballadoras empobrecidas e ás veces acomodámonos á inxustiza. **Cristo, ten piedade de nós.**

– Porque nos custa revisar o noso estilo de vida, de consumo e de traballo, e non sempre acolleamos a chamada á conversión privado e social. **Señor, ten piedade de nós.**

Oración rezada propia do día (segundo o Misal)



Liturxia da Palabra

(Úsanse as lecturas propias de San Xosé Obreiro segundo o Misal.)

Monición á primeira lectura

Na primeira lectura escoitamos o relato da creación. Deus fai o ser humano ao seu xeito e invítalo a colaborar na súa obra, a coidar e transformar o mundo. O traballo humano, cando respecta a dignidade da persoa, forma parte dese proxecto creador de Deus.

(Proclámase a 1ª lectura.)

Monición ao salmo

Respondemos co salmo pedindo ao Señor que afiance a obra das nosas mans. El coñece as nosas loitas, os nosos esforzos e os nosos cansazos, e pode dar sentido ao noso traballo, mesmo cando é difícil ou precario.

Salmo responsorial: “Afianza, Señor, a obra das nosas mans.”

Monición ao Evanxeo

No Evanxeo contemplamos a Xesús na súa vila, Nazaré, onde é recoñecido como “o fillo do carpinteiro”. Antes de anunciar o Reino, Xesús coñeceu a vida sinxela de traballo. Nel, Deus achegouse á nosa existencia concreta, tamén ao noso mundo laboral.

(Aclamación e proclamación do Evanxeo)

Homilía.

Oración dos feis

Irmás e irmáns, oremos ao Pai que escoita o clamor dos pobres e das persoas traballadoras, e digamos: **Roguémolle ao Señor.**

1. Pola Igrexa, para que sexa cada vez máis próxima ao mundo do traballo, escoite o clamor das persoas traballadoras empobrecidas e anuncie con valentía a dignidade do traballo e do descanso. **Roguémolle ao Señor.**
2. Por quen sofre a precariedade laboral, o paro de longa duración, os salarios que non permiten vivir con dignidade, e por quen se ve obrigados a migrar buscando traballo. Que atopen apoio, oportunidades e comunidades que os acompañen. **Roguémolle ao Señor.**



3. Polas vítimas de accidentes laborais, por quen perdeu a saúde ou a vida no seu traballo e polas súas familias, para que atopen consolo, xustiza e reparación, e para que creza a cultura da prevención e a seguridade. **Roguémolle ao Señor.**
4. Polas mulleres no mundo do traballo, especialmente polas que sofren brecha salarial, discriminación, acoso ou a carga invisible dos coidados. Que avancemos cara a relacións laborais igualitarias e xustas. **Roguémolle ao Señor.**
5. Polas organizacións sindicais e os movementos sociais, para que, con xustiza e honestidade, defendan os dereitos dos traballadores e traballadoras, e teñan unha especial atención aos colectivos máis vulnerables. **Roguémolle ao Señor.**
6. Polas autoridades públicas e os responsables económicos, para que promovan políticas que garantan traballo decente, conciliación familiar, protección social e coidado da casa común, superando a cultura do descarte. **Roguemos ao Señor.**
7. Pola nosa comunidade cristiá, para que viva o 1º de maio como chamada permanente á solidariedade, á denuncia profética e ao compromiso en favor do traballo digno. **Roguémolle ao Señor.**

Pai de misericordia, acolle estas súplicas e tantas outras que gardamos no corazón. Dános o teu Espírito para que, coas nosas mans, palabras e decisións, poidamos colaborar na construción dun traballo decente para todas e todos. Pedímoscho por Xesucristo, o obreiro de Nazaré, que vive e reina por sempre, eternamente. **Amén.**

Liturxia eucarística (Como de costume. Pódense facer referencias breves ao traballo nas monicións ao ofertorio: presentación do pan e do viño como froito da terra, do traballo do home e da muller.)

Oración despois da comunión

Señor Xesús,
escoitamos a túa Palabra,
compartimos o pan da Eucaristía,
e fixemos memoria de tantas persoas
que viven do seu traballo ou que o buscan
sen atopalo.

Grazas porque neste día lémbraos
que o traballo é camiño de dignidade,
de crecemento humano e de servizo
ás demais persoas.

Queremos ser Igrexa atenta ao mundo obreiro,
próxima a quen sofre a precariedade e a exclusión,
profética ante as inxustizas laborais e
comprometida na construción dun traballo decente,
libre, creativo, saudable, participativo e solidario.
Que a forza do teu Espírito afiance a obra das nosas mans,
fáganos sementadores de xustiza e de paz,
e sostéñanos nas loitas compartidas pola dignidade
de cada traballador e traballadora.

Ti que vives e reinas por sempre, eternamente. **Amén**



Bendición final e envío.

